



Artículo 5º. Base imponible

Constituye la base imponible de esta tasa los metros cúbicos de agua consumida.

Artículo 6º. Cota tributaria

1.- Suministro de agua para uso doméstico:

1.1.- Cuota de abono al trimestre: 3,60 € (Hasta 30 m³)

1.2.- Consumo doméstico

a) De 30 a 60 m³, el m³: 0,20 €

b) De 61 a 90 m³, el m³: 0,35 €

c) De 91 a 120 m³, el m³: 0,50 €

d) De 121 a 150 m³, el m³: 0,65 €

e) Más de 150 m³, el m³: 0,70 €

2.- Suministro de agua para uso industrial y comercial:

1.1.- Cuota de abono al trimestre: 6,00 € (Hasta 60 m³)

1.2.- Consumo industrial y comercial

a) De 61 a 90 m³, el m³: 0,20 €

b) De 91 a 120 m³, el m³: 0,35 €

c) De 121 a 150 m³, el m³: 0,40 €

d) Más de 150 m³, el m³: 0,45 €

A estas tarifas se les aplicará el IVA correspondiente.

Las tarifas se actualizarán automáticamente cada año por referencia al índice de precios al consumo.

Artículo 7º. Exenciones y bonificaciones

No se aplican exenciones, bonificaciones ni reducciones para la determinación de la deuda tributaria que los sujetos pasivos deban satisfacer para esta tasa.

Artículo 8º. Devengo

1.- La tasa se devengará y nace la obligación de contribuir el primer día del período impositivo.

2.- El período impositivo coincide con el trimestre natural, salvo en los supuestos de inicio o cese en su prestación, en que el período impositivo será el siguiente:

a) En los supuestos de inicio, desde el día en el que tenga lugar hasta el último día del mes del trimestre natural.

b) En los supuestos de cese, desde el primer día del trimestre natural hasta el día en el que se produzca aquél.

Cuando el período impositivo sea inferior al trimestre natural, su importe se prorrateará por días naturales.

3.- También nace la obligación tributaria de pago de la tasa en los supuestos en los que se suministrase efectivamente agua sin que exista alta autorizada en el servicio. En estos casos, el ayuntamiento liquidará la tasa correspondiente al consumo de agua realmente realizado, siempre que éste conste, así como la cuota fija del servicio por el tiempo en que constase que éste se vino prestando, sin perjuicio de la incoación de expediente sancionador o del ejercicio de las acciones judiciales o administrativas que pudiesen corresponder al ayuntamiento.

Artículo 9º. Liquidación e ingreso

La liquidación de la tasa será trimestral, siendo expedido el triptico por la Excelentísima Diputación Provincial de Ourense, organismo que tiene delegada la recaudación en tanto dure esta.

Artículo 10º. Infracciones y sanciones

En relación a la cualificación de las infracciones tributarias y a la determinación de las sanciones que les corresponden en cada caso, se estará a lo dispuesto en la Ley general tributaria y normativa de desarrollo de ésta.

Artículo 11º. Normas de gestión

1.- La tasa se gestionará a partir de un padrón que se formará trimestralmente por el ayuntamiento y se remitirá a la Excelentísima Diputación Provincial de Ourense, para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia.

2.- Será publicado, asimismo, en el tablón de edictos del ayuntamiento por espacio de un mes, durante el cual los interesados podrán formular las reclamaciones o alegaciones que estimen

necesarias. Las modificaciones, altas y bajas que se produzcan a lo largo del ejercicio tributario se incorporarán al padrón.

3.- Los interesados tendrán la obligación de comunicarle cualquier hecho con trascendencia tributaria susceptible de modificar los datos del padrón, sin que sean admisibles las reclamaciones por la falta de modificación de los padrones cuando ésta tenga como causa el incumplimiento por el interesado de su obligación de comunicar los cambios producidos y, en todo caso, cuando éstos no fuesen conocidos por la Administración tributaria.

4.- Las operaciones materiales de gestión, liquidación y recaudación de la tasa se llevarán a cabo por la Excelentísima Diputación Provincial de Ourense, organismo que tiene delegada la Recaudación en tanto dure ésta.

Disposición final

La presente ordenanza fiscal que fue aprobada por el Pleno del Ayuntamiento de Lobios, en la sesión celebrada el día ..., se elevó a definitiva por el Decreto n.º ... con fecha ..., entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y permanecerá en vigor hasta su modificación o derogación expresa.

Lobios, 27 de septiembre de 2010. El alcalde.

Fdo.: José Lamela Bautista.

R. 4.261

Lobios

Edicto

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2010, aprobou inicialmente o Regulamento do servizo de subministración de auga potable do Concello de Lobios (BOP do 13.08.2010). O devandito regulamento estivo exposto ó público por un prazo de 30 días hábiles durante os cales non se presentou reclamación ningunha, segundo consta na certificación con data 21.09.2010, polo que a súa aprobación se considera elevada a definitiva, segundo a resolución do 22.09.2010, co texto que a continuación se transcribe.

Regulamento do servizo de subministración de auga potable
Capítulo I. Normas xerais

Artigo 1.- Obxecto.

Este regulamento ten por obxecto regula-las relacións entre o Concello de Lobios e os aboados do servizo de subministración de auga potable.

Artigo 2.- Natureza xurídica do servizo.

1. A subministración de auga potable no territorio municipal do concello de Lobios é un servizo público local do que é titular o Concello de Lobios, agás nos lugares nos que o abastecemento de auga se vén realizando de xeito particular, a través de mananciais ou outros aproveitamentos de augas potables.

2. O concello ten as potestades de:

a) Inspeccionar e controla-los actos e traballos que realice o aboadado, ademais das obras, instalacións, locais e documentación que estean adscritos ou relacionados co servizo.

b) Dita-las ordes necesarias para manter ou repo-la debida prestación.

c) Imporlle ó aboadado as correccións pertinentes por mor das infraccións que cometa.

Artigo 3.- Aboado.

Denomínase aboadado a persoa física ou xurídica que teña contratado o servizo de subministración de auga potable.

Capítulo II. Obrigas e dereitos do concello e dos aboados

Artigo 4.- Obrigas do concello.

1. Correspóndelle ó concello:



a) Prestárlle-lo servizo de subministración de auga potable ós aboados con suxeición ás normas deste regulamento e das outras disposicións legais aplicables, nomeadamente as de carácter sanitario.

Esta obriga do concello enténdese referida a pór a disposición do aboadado a auga ata a chave de rexistro, a cal, con carácter xeral, constitúe o límite exterior da instalación que é propiedade del.

b) Mante-la subministración de forma permanente en condicións de dispoñibilidade e regularidade.

c) Garanti-lo dereito á utilización do servizo por parte de tódalas persoas que cumpran os requisitos e condicións que dispón este regulamento e mediante o pagamento das contraprestacións económicas legalmente establecidas.

d) Indemnizar a terceiras persoas dos danos que se lles poidan causar como consecuencia do desenvolvemento do servizo.

Para estes efectos, o concello concertará o correspondente contrato de seguro que abeire as responsabilidades civís nas que poida incurrir.

e) Levar a cabo, con suxeición a este regulamento e á lexislación aplicable, a planificación, programación, execución e conservación das obras e instalacións precisas para a captación, condución e almacenamento de auga potable e para a súa distribución ós núcleos de poboación que corresponda.

f) Dispor dun servizo para a recepción de avisos de avarías e de informacións relacionadas coa prestación do servizo.

g) Informa-los aboados, sempre que sexa posible e polos medios de difusión adecuados, das interrupcións e alteracións que se rexistren na prestación do servizo.

h) Colaborar coas autoridades e cos centros de educación para que os aboados e o público en xeral coñezan o funcionamento do servizo.

i) Resolver e contesta-las reclamacións e queixas que lles presenten os aboados.

j) Aplica-los prezos e cadros de tarifas aprobados regulamentariamente.

2. Agás no caso de forza maior, o concello ten a obriga de manter permanentemente o abastecemento. Non se considerarán casos de forza maior os derivados da inadecuación das instalacións xerais ó fin para o que serven.

3. A suspensión temporal do servizo nalgunha parte da rede, cando sexa imprescindible para proceder ó mantemento, reparación ou mellora desta deberá avisarse, na medida do posible, con antelación suficiente ós aboados e non dará lugar a indemnización.

4. O concello adoptará as medidas máis aconsellables no caso de restricións por razón de escaseza de auga e tal feito non dará lugar a indemnización pola interrupción da subministración.

No caso de restrición, será prioritario a subministración para uso doméstico.

5. Considerarase deficiencia de calidade no servizo e servirá de base á reclamación de indemnización a subministración de auga en condicións inferiores ás establecidas regulamentariamente.

Artigo 5.- Dereitos do concello

O concello terá os dereitos que lle reconece a lexislación aplicable e, en concreto, os seguintes:

a) Inspeccionar, revisar e intervir nas instalacións particulares que estean conectadas á rede de subministración coa finalidade de garanti-lo cumprimento da normativa aplicable.

b) Cobra-lo importe das facturacións ou cargos que os aboados deben pagar polas prestacións do servizo.

Artigo 6.- Obrigas do aboadado.

Os aboados terán as obrigas seguintes:

a) Pagar puntualmente os cargos que lle presente o concello pola prestación dos servizos de subministración, ou polos complementarios, de conformidade cos prezos e tarifas aprobados.

A obrigatoriedade do pagamento esténdese ós casos en que se produzan fugas ou perdas de auga por avarías ou irregularidades na construción ou conservación das instalacións particulares do aboadado, ou por calquera outra causa non imputable ó concello.

b) Usa-la auga potable obxecto de subministración con suxeición ás normas contidas na lexislación aplicable, neste regulamento e no contrato.

Neste senso, é obriga do aboadado facer un consumo de auga de acordo coas súas necesidades, evitando consumos excesivos ou innecesarios.

c) Respecta-las instalacións da infraestrutura do servizo, as redes de distribución e os empalmes que forman parte integrante do dominio público, e non realizar neles ningunha manipulación ou alteración sen a correspondente autorización.

d) Facilitarlle ó concello os datos solicitados por este coa maior exactitude posible.

e) Conserva-las súas instalacións particulares de xeito que non prexudiquen as redes públicas de subministración nin o funcionamento do servizo, utilízalas correctamente e respecta-los precintos que garanten a integridade do contador.

f) Comunicarlle ó concello calquera avaría ou irregularidade das instalacións de subministración de auga que poida afectar o funcionamento normal do servizo.

g) Permitirlle ó persoal do concello que estea debidamente acreditado o acceso ás instalacións ou locais onde sexa necesario desenvolver traballos relacionados coa lectura do contador e coa inspección ou reparación das instalacións.

h) Solicitalle ó concello a autorización para calquera modificación nas súas instalacións particulares que comporte variación no número de aboados ou cambio no uso da auga.

i) Se nun mesmo inmovible existe, á par do servizo público de subministración, auga doutra orixe, o aboadado disporá a súa instalación interior de xeito que a súa auga particular non poida entrar na rede xeral.

Artigo 7.- Dereitos do aboadado.

Son dereitos do aboadado:

a) Acceder ó servizo en condicións de igualdade unha vez que reúna as condicións e requisitos sinalados por este regulamento.

b) Utiliza-lo servizo con carácter permanente, a non ser por razóns de forza maior, e dispor nas súas instalacións de auga dos requisitos hixiénico-sanitarios e das condicións técnicas de presión axeitadas e conformes coa normativa legal aplicable.

c) Ser informado polo concello de tódalas cuestións que atinxen á prestación e ó funcionamento do servizo.

d) Presenta-las queixas ou reclamacións que xulgue oportunas en relación coa prestación do servizo, de conformidade co procedemento que recolle este regulamento, e obter contestación a elas.

e) Recibir factura ou recibo do prezo de subministración de auga, de conformidade coas tarifas legalmente aprobadas.

f) Obter unha copia do contrato ou póliza de subministración.

Artigo 8.- Prohibicións que atinxen ó aboadado.

Prohíbese a realización dos seguintes actos que constituirán, no seu caso, supostos de infracción ou fraude suxeitos a sanción:

a) Empregar auga para usos distintos dos que sexa concedida. Non se poderá cede-la nin vende-la, ben sexa con carácter permanente ou con carácter temporal, para outros locais ou vivendas diferentes dos recollidos no contrato.



b) Realizar conexións ou derivacións clandestinas, así como consumir auga sen ostenta-la condición de aboado ou sen contador.

c) Manter culposa ou dolosamente defectos ou fugas nas instalacións que dean lugar a consumos innecesarios.

d) Empregar aparellos ou dispositivos que provoquen perdas de carga na rede xeral en prexuízo doutros aboados.

e) Ocultar ou falsear datos na declaración para a contratación da subministración.

f) Manipular nas chaves, rexistros e demais elementos da rede, agás nos casos de emerxencia en prevención de danos ás persoas ou ós bens.

g) Cambia-la situación do contador sen coñecemento do concello, romper ou manipula-los contadores, os precintos destes ou utilizar mecanismos que alteren o seu normal funcionamento.

h) Verter á rede auga procedente doutros aproveitamentos ou alterar de calquera xeito as condicións de potabilidade.

i) Remunera-los empregados do concello, aínda que sexa por mor de traballos feitos por estes nas instalacións do usuario, sen autorización do concello.

Capítulo III. As instalacións públicas do servizo

Artigo 9.- Elementos materiais da rede pública de subministración.

1. A rede de alta abrangue as obras hidráulicas de captación, elevación, estación de tratamento, depósitos de almacenamento, edificios, dispositivos electromecánicos, encanamentos, conducións mestras e sistemas de regulación e control.

2. A rede de baixa abrangue a rede de distribución necesaria para a subministración ós usuarios e está integrada por canos, arquetas, pezas especiais e bocas de rego e incendios.

3. O empalme é o ramal ou derivación que sae da rede de distribución máis próxima e leva a auga ó pé do inmoble ou á estrema do terreo a onde vai ser subministrada.

Artigo 10.- O empalme.

1. O empalme estará formado por un cano único de características axeitadas ó volume de auga servido e disporá cando menos dunha chave de corte exterior situada nunha caixa na vía pública por diante do inmoble ou terreo, e o máis achegada posible a el.

2. O empalme disporá dos seguintes elementos:

a) O dispositivo de toma, que vai sobre o cano da rede de distribución e abre o paso do empalme.

b) O ramal ou treito de encanamento, que une o dispositivo de toma coa chave de rexistro.

c) A chave de rexistro, que vai ó final do ramal do empalme, na vía pública e achegada á estrema do inmoble ou terreo.

A chave de rexistro constitúe o límite entre as instalacións públicas do servizo e as interiores do aboado e precisa ata onde chegan as obrigas respectivas de mantemento e reparación por parte do concello e do aboado.

Capítulo IV. A solicitude de conexión ó servizo

Artigo 11.- Requisitos da solicitude de conexión ó servizo.

1. A solicitude de conexión ó servizo deberá conter, como mínimo, e para os efectos de notificacións, o nome do petionario ou a súa razón social, o enderezo e mailo teléfono. A esta información tamén lle haberá que engadi-lo enderezo do local ou inmoble para o que se pide a subministración e o uso ó que se destinará a auga.

2. A solicitude de conexión á rede de distribución deberá conte-la seguinte documentación:

a) Se é para un inmoble novo, a licenza urbanística e o boletín de instalación de fontanería.

b) Se é para unha obra, a licenza urbanística para a súa construción.

c) Se é para unha industria ou comercio, a licenza municipal de apertura, o recibo do imposto de actividades económicas e o boletín de instalación de fontanería.

d) Se é para un inmoble que xa ten a conexión feita con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento non será necesaria a achega de ningún tipo de documentación, sen prexuízo da verificación da instalación polo fontaneiro, cuxo informe será determinante á hora de acceder á solicitude de legalización da conexión.

Deberase presentar unha solicitude independente para cada inmoble que física ou legalmente constitúa unha unidade de edificación.

3. A casa que ten un só portal constitúe unha unidade de edificación. No caso de que teña varios, a unidade de edificación virá constituída por cada unha das partes dela que teña portal propio. Se un edificio ou construción ten máis dun acceso, o concello poderá decidi-la realización dun empalme independente por cada un deles.

4. Se a criterio do concello existe unha causa que o xustifique, o propietario dun local comercial ou industrial situado no baixo dun inmoble poderá solicitar e obter un empalme independente para o seu local.

Artigo 12.- Presentación, tramitación e resolución da solicitude de conexión.

1. A solicitude de conexión será presentada ante o concello, para que a resolva.

2. O informe do operario municipal determinará, de se-lo caso, as características técnicas do empalme.

3. A Alcaldía autorizará ou denegará a conexión con suxeición á normativa legal aplicable e tralo informe do operario municipal.

4. A solicitude deberá ser resolta no prazo máximo dun mes contado desde a súa presentación, entendéndose concedida polo transcurso do precitado mes sen que se dite a resolución correspondente.

Artigo 13.- Causas de denegación da conexión.

O concello poderá denega-la conexión cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

a) Que o solicitante non presente a documentación esixida.

b) Que o inmoble non conte coas instalacións interiores axeitadas por non se axeitaren a este regulamento ou á normativa técnica aplicable.

c) Que algunha parte das instalacións xerais que é preciso ampliar para a realización do empalme teña que discorrer por terreos privados e o solicitante non xustifique a existencia da servidume correspondente.

Artigo 14.- A realización de obras de conexión.

1. A execución das obras de empalme ou conexión é competencia exclusiva do aboado, que realizará os traballos e instalacións pola súa conta e con suxeición ás características técnicas determinadas no expediente e aprobadas polo concello.

2. A execución das obras de modificación da rede de subministración precisas para a realización da conexión tamén é competencia exclusiva do aboado, que as realizará pola súa conta e con suxeición ás características técnicas determinadas no expediente e aprobadas polo concello.

3. A conexión e mailas obras de modificación mencionadas no apartado 2 quedarán incorporadas á rede de subministración e será de titularidade pública.

A conexión será executada polo aboado no prazo dun mes des que se lle notifique o outorgamento da autorización municipal.

Artigo 15.- Conexións provisionais.

1. Excepcionalmente, o concello poderá conceder conexións provisionais vinculadas á realización de obras. Estas tomas de

auga enténdense outorgadas en precario e réxense polas condicións que se sinalen en cada caso.

2. A toma de auga outorgada con destino á realización dunha obra non se poderá usar, en ningún caso, para vivendas ou locais. O construtor está obrigado a comunicarlle ó concello a finalización da obra, e daquela a conexión provisional quedará automaticamente sen vixencia. Por esa razón, o uso que se faga a partir desa data rexerá polas condicións xerais de subministración e polas que lle sexan aplicables en función da súa finalidade.

3. O construtor que solicite a conexión provisional con destino á realización dunha obra responderá solidariamente, xuntamente co usuario real, do pagamento do prezo da auga consumida.

Artigo 16.- Conservación e ampliación do empalme.

1. Os traballos de manexo, amaño e modificación dos empalmes ou conexións son competencia do concello.

2. Se un inmovible amplía o número de vivendas ou locais e o empalme non fose suficiente para a normal satisfacción das novas necesidades creadas, a persoa interesada solicitaralle ó concello a autorización para a substitución ou modificación do empalme preexistente por outro axeitado. A substitución ou modificación do empalme preexistente por outro axeitado conforme á autorización concedida será executada polo aboado e os gastos serán pola súa conta.

Artigo 17.- Conexión inutilizada.

Cando se finalice ou suspenda o contrato de subministración, a conexión quedará a disposición do aboado. Pero se este non lle comunica ó concello, no prazo de quince días, a intención da retirada da vía pública, enténdese que renuncia a ela.

Neste caso o concello poderá adoptar, no tocante ó citado empalme, as medidas que coide oportunas.

Capítulo V. As instalacións interiores

Artigo 18.- Instalacións interiores.

1. Enténdese por instalacións interiores do servizo as existentes en cada inmovible ou terreo a partir da chave de rexistro, e que forman parte integrante del.

2. As instalacións interiores de subministración de auga deberán ser realizadas por un técnico autorizado e axustaranse ás normas legais de aplicación.

Artigo 19.- Inspección das instalacións interiores.

1. As instalacións interiores dun inmovible realizadas polo aboado estarán suxeitas á inspección do concello coa finalidade de comprobar se foron executadas conforme ás normas legais e técnicas de aplicación.

2. Cando as instalacións interiores non se axusten ás normas citadas, o concello denegará a conexión ou, de se-lo caso, o concello suspenderá a subministración de auga, e comunicará-selle ó interesado para que corrixa as deficiencias rexistradas no prazo que se lle sinale.

Artigo 20.- Conservación das instalacións interiores.

1. O aboado será responsable da conservación e mantemento das instalacións interiores do servizo e estará obrigado a amañar pola súa conta os danos e avarías que sufran.

2. Se o estado das instalacións interiores de subministración de auga dun inmovible ou terreo constitúe un perigo para a seguridade das persoas ou unha ameaza de dano inminente para as cousas, o concello poderá suspender-la subministración da auga de xeito inmediato, con notificación ó aboado.

Nestes casos, o concello poderá realizar por si mesmo as obras imprescindibles para evitalo e poderá repercutir no aboado responsable os gastos orixinados.

Capítulo VI. Os contadores

Artigo 21.- A medición do consumo de auga.

1. A medición do consumo de auga que servirá de base á facturación realizarase por medio de contadores, que serán dalgún dos modelos oficialmente homologados.

2. Toda vivenda unifamiliar ou local no que se realicen actividades comerciais, industriais, profesionais ou de servizos disporá dun contador individual que será propiedade do aboado.

Se nun inmovible hai máis dunha vivenda ou local, cada un deles disporá dun contador independente, sen prexuízo do que corresponda para os servizos comúns.

Artigo 22.- Situación dos contadores.

1. Os contadores estarán situados nun lugar axeitado e accesible, preto da chave de paso, á altura do baixo e na parte de fóra do inmovible.

2. No caso de vivendas colectivas, os contadores irán nun compartimento ou caixa, mediante o sistema de batería ou outro semellante, no baixo do inmovible e nunha zona de uso común con acceso directo desde o portal de entrada.

3. A modificación da situación do contador será por conta da parte contratante que a promova. Non obstante, será por conta do aboado nos seguintes casos:

a) Cando sexa por reformas realizadas por el, con posterioridade á instalación do contador, e estas dificulten a lectura, o acceso ou a inspección do contador.

b) Cando a instalación do contador non se axuste ás condicións previstas neste regulamento e no caso de cambio de titularidade do contrato.

Artigo 23.- Colocación dos contadores.

A colocación dos contadores é competencia do aboado e os gastos desta serán por conta do aboado.

Artigo 24.- Conservación dos contadores.

1. É obriga do aboado conservar e mante-lo contador en perfecto estado de funcionamento.

2. O contador só poderá ser obxecto de manipulación polos empregados do concello. As operacións de mantemento, reparación ou substitución serán realizadas polo aboado e pola súa conta, conforme á autorización concedida polo concello.

3. Cando se comprrobe a existencia de irregularidades ou avarías no contador, o concello requiriralle ó aboado para que no prazo de quince días proceda á súa reparación ou substitución. Unha vez que transcorra este prazo sen que o fixese, o concello estará facultado para suspender-la subministración de auga.

Artigo 25.- Renovación periódica de contadores.

Unha vez que transcorra a vida útil do contador, que se fixa nun prazo de doce anos, este será substituído polo aboado e por conta deste, conforme á autorización concedida polo concello.

Artigo 26.- Desmontaxe de contadores.

A desmontaxe de contadores será sempre realizada polo aboado, conforme á autorización concedida polo concello, cando proceda por algunha das seguintes circunstancias:

a) Por finalización do contrato de subministración.

b) Por avaría do contador.

c) Por renovación periódica dos contadores.

d) Por alteración do réxime de consumo, de tal maneira que supere a capacidade teórica do contador.

Capítulo VII. Contratación da subministración

Artigo 27.- Suxeitos do contrato.

1. O contrato de subministración de auga formalizarase entre o concello e o propietario da vivenda ou local ó que se lle vai presta-lo servizo.

2. Cando a subministración de auga sexa con destino á realización dunha obra, o solicitante será o titular da licenza urbanística.

Artigo 28.- Incapacidade para contratar.

Están incapacitados para contrata-lo servizo de subministración de auga as persoas que xa foran abonadas del con anterioridade e que desen lugar a suspensión ou resolución do contrato por incumprimento das súas obrigas. Cesará a



incapacidade se a persoa que afectada -ou calquera outra en nome dela- cumpre as obrigas cuxo incumprimento motivou a suspensión do contrato.

Artigo 29.- Obxecto do contrato.

1. Os contratos de subministración de auga referiranse a unha vivenda, local ou obra que constitúa unha unidade independente.

2. A subministración de auga enténdese adscrita ó uso para o que se conveu e non se pode dedicar a outros fins.

Artigo 30.- Duración do contrato.

O contrato sinalará o prazo de vixencia da subministración, entendéndose tacitamente prorrogado polo mesmo período, a non ser que o aboado lle exprese ó concello de xeito expreso ou por escrito a súa intención de dalo por rematado, o cal deberá facer cun mes de antelación.

Artigo 31.- Cando se produza un cambio de titularidade do inmoble ou local obxecto da subministración, o novo titular deberá comunicarllo ó concello no prazo dun mes, coa finalidade de formalizar un novo contrato.

Artigo 32.- Forma do contrato.

O contrato de subministración de auga formalizarase por escrito en modelo que se detalla no anexo I deste regulamento.

Capítulo VIII. Condicións da subministración de auga

Artigo 33.- Continuidade do servizo.

1. O concello ten a obriga de manter permanentemente o servizo.

2. Non obstante, o concello poderá suspender temporalmente o servizo nos seguintes casos:

a) Cando sexa imprescindible para realizar traballos de mantemento, reparación ou de melloras nas instalacións públicas.

b) No suposto de perda das condicións de potabilidade da auga que comporte un risco para a saúde dos aboados.

c) Por causas de forza maior.

3. Cando se produzan cortes previstos e programados, o concello deberá preavisar-los aboados, cando menos con vinte e catro horas de antelación, por medio de anuncios nos lugares públicos de costume. O preaviso advertirá da duración prevista da interrupción.

Artigo 34.- Reservas de auga.

1. Sen prexuízo do que dispoña a normativa específica aplicable, os aboados que desenvolvan actividades industriais, comerciais ou de servizos nas que precisen auga de xeito ininterrompido, deberán dispor de depósitos de reserva para o seu autoabastecemento en tanto duren os cortes previstos no artigo anterior.

2. O concello non será responsable dos danos e perdas que se poidan producir como consecuencia de que os aboados non cumpran a obriga prevista no apartado anterior.

Artigo 35.- Restricións na subministración.

1. O servizo de subministración de auga potable ten por finalidade satisfacer as necesidades da poboación, e preferentemente as derivadas de usos domésticos. A utilización da auga para outras finalidades estará suxeita a que as necesidades de abastecemento da poboación o permitan.

2. Sen prexuízo do que dispoña a normativa legal aplicable, o concello poderá restrinxir ou suspender a subministración de auga para usos non domésticos, sen que iso comporte ningunha obriga de indemnización. Neste caso, o concello está obrigado a informar ós aboados das medidas que se van adoptar, da data de inicio, da duración previsible e das razóns que a motivan.

Capítulo IX. Lecturas e consumos e facturación

Artigo 36.- Lecturas.

1. O concello está obrigado a manter un sistema de lectura dos contadores que sexa permanente e periódico.

2. A lectura farase en horario que vai das 9.00 ás 20.00 h por persoal autorizado polo concello.

3. Cando por causas alleas ó concello non fose posible face-la lectura dun contador, o empregado deixará aviso da súa visita por medio dunha nota que recollerá aquela circunstancia, acompañada dun impreso de lectura.

Neste caso, o aboado cubrirá por si mesmo o impreso de lectura e deberallo devolver ó concello no prazo de seis días, contados a partir do da visita do lector. A lectura que se presente transcorrido este prazo, será considerada nula.

Artigo 37.- Determinación do consumo.

1. O consumo de cada aboado determínase pola diferenza entre as lecturas de dous períodos consecutivos de facturación.

2. O concello soamente terá en conta para a facturación a medición resultante do contador debidamente homologado e instalado.

3. As fugas de auga que se produzan nas instalacións interiores e sexan rexistradas polo contador seranlle facturadas ó aboado de acordo coas tarifas establecidas.

4. Se o concello detecta a través da lectura do contador consumos desproporcionados ou fóra do común, comunicarllo ó aboado para que faga as comprobacións oportunas nas súas instalacións interiores.

Artigo 38.- Consumos calculados.

1. Cando non sexa posible coñecer-lo consumo realmente realizado por un aboado por mor dunha avaría no contador, a facturación calcularase segundo o consumo rexistrado durante o mesmo período de tempo do ano anterior, e, de non existir este, conforme á media aritmética dos seis meses anteriores.

2. No caso de que non existisen datos históricos para calcularlo consumo segundo o establecido no apartado anterior, os consumos facturarase polo mínimo esixible.

3. Os consumos calculados segundo os dous apartados anteriores, terán carácter definitivo no caso de avaría do contador, e provisorio noutros supostos. Nestes últimos, logo de que se obteña a lectura real, o consumo calculado compensarase, por exceso ou por defecto, na facturación correspondente ó seguinte período.

4. Se por ausencia do aboado e segundo o disposto no apartado 3 do artigo 36 non fose posible le-lo contador durante tres períodos de facturación consecutivos, o concello advertirlle por escrito ó aboado da necesidade de normalizar a situación. Se o aboado non atende o requirimento no prazo de dez días, o concello poderá suspender a subministración de auga. Para reemprender-lo servizo, o aboado deberá aboar a facturación correspondente ó consumo realizado e os gastos de reposición da subministración.

Artigo 39.- Facturación e pago.

Correspóndelle a Excelentísima Deputación Provincial de Ourense, segundo o convenio de delegación da xestión deste tributo a esta, a facturación, emisión de recibos, notificación destes, e o seu cobro, tanto en vía ordinaria como de constrinximento.

Artigo 40.- Corrección de erros na facturación.

1. O aboado poderá obter información no tocante ás lecturas, facturacións, comprobacións de contadores, cobros, tarifas aplicables e, en xeral, a calquera cuestión relacionada coa subministración prestada nos dous anos anteriores á presentación da solicitude.

2. Nos casos nos que por erro imputable ó concello se facturasen cantidades inferiores ás reais, o aboado terá dereito a que se lle fraccione o pagamento das diferenzas ó longo dun período de tempo igual a aquel ó que se refiren as lecturas erróneas, ata o máximo dun ano.

3. O aboado poderá presentarlle ó concello reclamación para a devolución de ingresos indebidos, expresando os conceptos e fundamentos en que se basee e achegando os xustificantes de pago e calquera outra documentación que corresponda.

O concello deberá resolver as reclamacións que lle sexan presentadas no prazo máximo dun mes desde que se comprobe o erro que os orixinou.

4. O aboado ten dereito á devolución dos ingresos que o concello percibira de xeito indebido, no prazo máximo dun mes desde que se comprobe o erro que os orixinou.

Capítulo X. Suspensión e extinción da subministración

Artigo 41.- Causas de suspensión da subministración.

1. O concello poderá suspendérle-la subministración de auga ós usuarios polas seguintes causas:

a) Por falta de pagamento da facturación, transcorrido o prazo de tres meses des que rematase o período de pagamento en vía voluntaria.

b) Por inexistencia de contrato que abeire a subministración.

c) Por falta de pagamento dunha liquidación firme por fraude no uso da auga, transcorrido o prazo de quince días des que lle fose presentada para o seu cobramento.

d) Por mor de que o aboado poña nas súas instalacións, sen autorización do concello, bombas ou calquera outro aparello que poida afecta-la rede de distribución e o servizo prestado a outros usuarios.

e) Por mor de que o aboado derive ou permita a derivación de auga desde as súas instalacións a outros inmobles, terreos, edificacións ou locais diferentes ós sinalados no contrato.

f) Por mor de que o aboado non permita a entrada ó seu inmovible ó persoal autorizado do concello, se se pretende esta dentro do horario previsto neste regulamento cando teña por finalidade revisar ou inspecciona-las instalacións. A negativa do aboado a permiti-la entrada constatarase perante dúas testemuñas ou un axente da autoridade.

g) Por mor de se atoparen derivacións clandestinas de auga desde as instalacións da rede pública, entendéndose por tales as realizadas sen contrato nin autorización do concello.

h) Por mor de que o uso que lle dea á auga o aboado ou o estado das súas instalacións interiores poidan afectar negativamente as condicións de potabilidade na rede de distribución.

i) Por mor de que o aboado non cumpra a orde de modificación da caixa do contador, de substitución do contador ou de reparación das instalacións interiores para adecua-las ás condicións regulamentarias.

j) Por non ser posible a lectura do contador durante tres períodos consecutivos de facturación e o pagamento non estivese domiciliado nunha entidade bancaria, segundo o establecido no apartado 4 do artigo 38.

k) Por negligencia grave do aboado na conservación das súas instalacións.

l) Por utilización inapropiada da auga doméstica para outros usos diferentes dos contratados, sempre e cando a facturación supere o 150% do mínimo que lle correspondería ó uso autorizado.

m) Por infracción das restricións ou prohibicións da auga legalmente adoptadas.

2. A potestade de suspensión da subministración enténdese sen prexuízo das accións legais que sexan procedentes para esixirlles ós aboados as responsabilidades en que puidesen incurrir.

Artigo 42.- Procedemento da suspensión da subministración.

1. O concello está autorizado para a suspensión inmediata da subministración nos casos previstos nos apartados g) e h) do artigo 41, con comunicación por escrito, o máis axiña posible, ós aboados afectados.

2. No resto dos casos, o concello deberalles notificar previamente ós aboados as causas nas que se basea a suspensión, con advertencia expresa de que dispón dun prazo de dez días para a corrixir as causas que motivan a suspensión. Se transcorrido o prazo sen que se proceda á corrección destas, o concello levará a efecto a suspensión da subministración.

3. O concello reporá a subministración no mesmo día o no día hábil seguinte a aquel no que se corrixiron as causas nas que se baseara a suspensión, e tralo pagamento dos dereitos que procedan.

4. Unha vez transcorridos tres meses des que se producise a suspensión da subministración sen que o aboado corrixira as causas que a motivaron, o concello poderá resolver unilateralmente o contrato, sen prexuízo dos dereitos que lle correspondan por facturación pendente e indemnizacións de danos e perdas.

Artigo 43.- Extinción da subministración.

A subministración de auga extinguirase polas causas seguintes:

a) Por pedimento do aboado.

b) Polo transcurso do prazo contractual, e, de se-lo caso, da súa prórroga.

c) Por derrubamento, destrución ou modificación substancial do inmovible ó que estaba destinada a subministración.

d) Por decisión do concello nos seguintes casos:

1. Cambio do uso ó que estaba destinada a subministración.

2. No suposto de que o beneficiario do servizo non teña a calidade de aboado, isto é, non dispoña de contrato de subministración ó seu nome.

3. Cando o uso da auga ou as condicións das instalacións interiores do inmovible comporten perigo para a seguridade da rede, para a potabilidade da auga ou para os bens de terceiros, e se trate de irregularidades non emendables.

4. Cando o aboado incumpra as condicións do contrato de subministración.

Artigo 44.- Retirada do contador.

Unha vez extinguido o contrato, o aboado ten a obriga de retirar-lo contador.

Capítulo XI. Infraccións fraudulentas, inspección e responsabilidade

Artigo 45.- Infraccións fraudulentas.

Constitúen infraccións fraudulentas:

a) A inexistencia de contrato de subministración de auga.

b) A manipulación do contador.

c) A existencia de derivacións do caudal antes do equipo de medición ou contador.

d) A utilización da auga para usos diferentes dos contratados, con prexuízo na facturación por aplicación doutra tarifa.

Artigo 46.- Inspección.

1. Cando o concello teña coñecemento da realización dunha infracción fraudulenta por parte do aboado, requirirlle por escrito que a corrixira, no prazo de tres días e advertirlle de que, unha vez transcorrido o devandito prazo sen que o fixese, suspenderalle a subministración da auga.

2. Se a infracción consiste na derivación ilegal de caudal, o concello poderá suspender de xeito inmediato a subministración.

3. Se por motivo da comprobación dunha denuncia por infracción fraudulenta, lle fora denegada a entrada no inmovible ó persoal autorizado, o concello poderá suspender de xeito inmediato a subministración.

Artigo 47.- A liquidación por fraude.

1. Cando non exista contrato de subministración, o concello liquidará unha facturación por fraude na que se inclúa o consumo equivalente á capacidade nominal do contador que corresponda ás instalacións de que se trate, cun tempo mini-



mo de utilización de oito horas diarias de utilización durante o prazo que vai desde a adquisición do dereito de uso do inmovible ata que se emende a existencia de fraude. En calquera caso, a duración mínima dese prazo non será nunca inferior a un mes nin superior a seis meses.

2. Cando a fraude consista na manipulación do contador, o concello liquidará unha facturación que tome como base a capacidade de medida do caudal nominal cun tempo mínimo de oito horas diarias de utilización desde a data da última verificación oficial do contador. A duración mínima dese prazo non será inferior a un mes nin superior a un ano. Descontaranse da liquidación os consumos correspondentes a ese período que xa foran aboados polo aboado.

3. Se a fraude consiste na derivación de caudais de auga antes do equipo de medición, a liquidación farase como no apartado anterior e sen que se desconte a auga medida polo contador.

4. Cando se utilice a auga para outros usos diferentes dos contratados, con prexuízo na facturación, a liquidación farase aplicándolle ó volume de auga consumido a diferenza entre a tarifa correspondente ó uso real da auga e a contratada durante o período de que se trate. Este período non será inferior a un mes nin superior a un ano.

5. En tódolos casos de actuacións por fraude, a liquidación estará suxeita ós impostos legalmente aplicables.

6. O concello notificaralle a liquidación ó aboado coa advertencia de que contra ela pode interpor os recursos procedentes ante a autoridade administrativa competente en materia de consumo, sen prexuízo doutras accións ou reclamacións que xulgue oportunas.

Artigo 48.- Responsabilidade penal por fraude.

O disposto nos artigos anteriores enténdese sen prexuízo da responsabilidade penal por defraudación na que poida incorrer-lo aboado infractor, de conformidade cos artigos 255 e 623 do Código penal.

Capítulo XII. Dereito de información, reclamacións e recursos

Artigo 49.- Dereito de información e queixa.

1. Os aboados teñen dereito a obter información oral ou por escrito de tódalas cuestións que atinxan ó seu contrato e ás condicións de prestación do servizo.

2. Se, como consecuencia de calquera queixa ou suxestión presentada ou expediente que dela derive, houbese indicios do funcionamento anormal do servizo, o concello iniciará as actuacións legalmente procedentes para corrixi-la irregularidade e aclara-las responsabilidades que procedan.

Artigo 50.- Reclamacións e recursos.

O aboado poderá interpo-los recursos legalmente procedentes ante o concello contra os actos e decisións deste adoptados no exercicio das súas funcións.

Anexo I

Contrato de subministración de auga
"Concello de Lobios.

Póliza de abono para a subministración de auga potable n.º: ...
Don/na (Nome, apelidos, idade, domicilio, DNI, teléfono)
contrata co Concello de Lobios a subministración de auga no inmovible situado en ..., n.º ..., piso ..., porta ..., destinada a uso industrial/doméstico, como propietario, mediante contador ..., e por cuxo servizo se obriga a satisfacer a cantidade que resulte do consumo feito ó prezo das tarifas aprobadas na ordenanza fiscal, obrigándose ámbalas partes contratantes ó cumprimento das condicións específicas e xerais que se citan, así como as demais disposicións vixentes na materia.

Condicións específicas:

1ª.- Este contrato de subministración terá un ano de vixencia e considerarase prorrogado tacitamente polo mesmo perí-

odo, a non ser que, cun mes de antelación, o aboado lle advirta ó concello, de xeito expreso ou por escrito, o seu desexo de dalo por rematado.

2ª.- A instalación de contador, propiedade do aboado, efectuarase fóra do inmovible. En todo caso, o aboado autoriza ó concello a efectuar cantas comprobacións crea oportunas realizar no contador, así como as lecturas oportunas.

Condicións xerais:

As detalladas no Regulamento do servizo de subministración de auga potable publicado no BOP n.º ... con data ...

Disposición adicional

O contrato de subministración de auga entre o concello e o propietario do inmovible ou local ó que se lle vai face-lo servizo só será esixible a partir da entrada en vigor deste regulamento respecto das novas subministracións e da modificación das existentes.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de 15 días ós que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O alcalde.

Asdo.: José Lamela Bautista

Edicto

El Pleno de la Corporación, en la sesión ordinaria con fecha 31 de julio de 2010 aprobó inicialmente el Reglamento del Servicio de suministro de agua potable del Ayuntamiento de Lobios (BOP 13.08.2010). El citado reglamento estuvo expuesto al público durante el plazo de 30 días hábiles durante los cuales no se presentó ninguna reclamación, según consta en la certificación con fecha 21.09.2010, por lo que se considera su aprobación elevada a definitiva, según la resolución del 22.09.2010, con el texto que a continuación se transcribe.

Reglamento del servicio de suministro de agua potable

Capítulo I. Normas generales

Artículo 1.- Objeto.

El presente reglamento tiene por objeto regular las relaciones entre el Ayuntamiento de Lobios y los abonados del servicio de suministro de agua potable.

Artículo 2.- Naturaleza jurídica del servicio.

1) El suministro de agua potable en el territorio municipal del Ayuntamiento de Lobios es un servicio público local del que es titular el Ayuntamiento de Lobios, excepto en los lugares en que el abastecimiento de agua se viene realizando de manera particular, a través de manantiales u otros aprovechamientos de aguas potables.

2) El Ayuntamiento tiene las potestades de:

a) Inspeccionar y controlar los actos y trabajos que realice el abonado, además de las obras, instalaciones, locales y documentación que estén adscritos o relacionados con el servicio.

b) Dictar las órdenes necesarias para mantener o reponer la debida prestación.

c) Imponerle al abonado las correcciones pertinentes por las infracciones que cometa.

Artículo 3.- Abonado.

Se denomina abonado a la persona física o jurídica que tenga contratado el servicio de suministro de agua potable.

Capítulo II. Obligaciones y derechos del ayuntamiento y de los abonados

Artículo 4.- Obligaciones del ayuntamiento.

1. Le corresponde al ayuntamiento: